

ESTRUCIAS DE FERREIROS

↓ Juan Carlos Quintana López

Pepe do Romeiro e Alejandro da Acernada eran dous ferreiros que vivían mui cerca de Taramunde. O primeiro facía cuitelos e o segundo navallas. Tiñan os talleres a tiro de pedra ún do outro. Hai xa muitos anos, cando inda nun había luz nas casas, os ferreiros botábanse todo o día no taller da forxa, aproveitando todo o posible as horas de día pra poder ganar o xornal pra manter a familia e, claro, no inverno —qu'había poucas horas de luz— deixaban os traballos da forxa pra facer ó noitecer e aproveitar o resplandor do regazo.

Unha tardè aló a finales do outono, xa case taba sendo noite de todo, encenderon cada ún a súa forxa e puxéronse a esmaltar as follas pra do outro día. Alejandro acabó primeiro e cando iba xa disposto a cear e descansar un pedacín, mandóuno a muller a un recado a Taramunde. Marchóu o home prá vila con cara de mui poucos amigos, coa intención de nun perder muito tempo e volver axina prá casa.

Mentras tanto, Pepe, qu'inda taba forxando, acordouse de que tiña qu'ir á vila a buscar carburo pró candil, que xa nun tiña nin pra encender. Así que, como conocía o camín de memoria, arrancóu sin luz ningunha pra Taramunde buscar o carburo.


Aló pola Fonte de Murias, a medio camín entre a casa y a vila, e no medio da escuridá d'unha noite d'inverno, aparecéuselle un bulto mouro no medio, tan cerca que nun lle deu tempo a esquivalo de xeito e deu de frente con él. Era unha cousa branda, que soltóu un ruído al tropezar, un “*iumm...!*”. Entre a présa que levaba y o medo que colléu, nun foi capaz de mirar qué era. Apartóuse d'aquela cousa como puido, sin dicir nin chilo e siguíu camín prá vila coa intención de que nun notaran o nervioso qu'iba e de nun dicir nada a naide. Así o fixo, compróu o carburo, volvéu prá casa, ceóu, deitouse... e como se nada pasara.

Alejandro chegóu á casa co recado algo enfadado e sin muita gana de conversación, ceóu axina, despachóu as ovellas y as cabras e marchóu prá cama sin apenas dicir palabra.

Ó outro día Pepe madrugóu a ir pró taller da forxa e, aló a media mañá, chegóu por alí Alejandro, icousa rara!:

—iCoño, Acernada!, ¿nun traballas hoi, ou?

—iQué hei traballar, ho, qué hei traballar! ¡Onte á noite viña da vila e aí na Fonte de Murias din contra unha cousa moura, grande..., nun sei qué el demonio era, nin dixo nada nin eu m'atrevín a chilar..., o caso é que me romperon os *antiojos* e agora nun vexo de xeito pra facer nada na forxa hasta que vaya á Veiga a encargar outros...!



Pepe, coma bon ferreiro qu'era, nun dixo nada. Oíu e calóu, e dicen qu'Alejandro nunca soupo qué fora aquela cousa “moura e grande” coa que tropézara na Fonte de Murias.

Estrucias, historias, cousas de ferreiros que pasaron hai muitos anos e que xa nun volven a ocorrer, entre outras cousas porque agora na Fonte de Murias hai bon alumado público. Pro nun pasan tampouco porque xa nun hai ferreiros, nin cesteiros, nin galocheiros, nin... esfollas pra contar os contos, nin polavilas, nin fiandeiros...

¿Unde irán todas esas cousas?

¿Será verdá eso de qu'un pòblo ó que lle esquence o seu pasado ta enterrando o seu futuro? Nese caso, levámola clara. En fin, dixera o ferreiro: “*iHaxa salú!*”.